

ACELERADOR DE TRANSFERENCIA

A INNOVACIÓN COMEZA AQUÍ



Área de Valorización,
Transferencia e Emprendemento

SUMARIO

Que é a AVTE?	01
Que é o Acelerador de Transferencia?	02
Papel da AVTE	02
Bases Reguladoras e convocatoria do programa Acelerador de Transferencia 2026	03
1. Obxecto	03
2. Destinatarios/as	03
3. Ámbito de aplicación material	04
4. Criterios de elixibilidade	04
5. Financiamento	05
6. Gastos elixibles	05
7. Duración da execución dos proxectos	05
8. Publicidade	05
9. Prazo e requisitos para presentación das solicitudes	06
10. Selección de proxectos e adxudicación económica	07
11. Proposta de resolución	08
12. Seguimento do proxecto	08
13. Confidencialidade	09
14. Disposición derradeira	09
Axenda Prevista	10
Anexo I	11

Que é a AVTE?



A Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE) é o servizo dependente da Reitoría da USC encargado da xestión integral do proceso de transferencia dos resultados de investigación.



O seu obxectivo é conseguir un impacto directo na sociedade dos resultados de investigación obtidos nos laboratorios e centros de investigación da USC, a través da súa incorporación en procesos, produtos ou servizos, que redunde no crecemento económico e na mellora do benestar social.

A USC leva máis de 35 anos transferindo resultados de investigación e figura entre as dez universidades españolas líderes en número de solicitudes de patentes, procesos de valorización e contratos de licenza, posuíndo unha carteira de máis de 250 patentes. Nos últimos 20 anos foron creadas máis de 60 empresas baseadas en coñecemento xerado na USC.

A AVTE dá servizo a toda a comunidade universitaria e ás empresas interesadas en incorporar resultados de investigación xurdidos na USC aos procesos de innovación.

As **funcións** principais desenvolvidas na **AVTE** son:

- Identificación e rexistro dos resultados de investigación transferibles.
- Avaliación do potencial comercial e utilidade social dos resultados de investigación.
- Protección mediante dereitos de propiedade intelectual e industrial dos resultados de investigación e xestión dos mesmos (patentes e outras formas de protección).
- Proposta e dinamización de proxectos de valorización / maduración de resultados de investigación.
- Negociación, xestión e seguimento de contratos de transferencia de resultados de investigación.
- Apoio e asesoramento á creación de empresas con base en resultados de investigación (spin off).
- Seguimento e apoio á carteira de EBTs participadas pola USC.
- Fomento e difusión da transferencia de coñecemento e o emprendemento entre a comunidade universitaria.
- Formación relacionada co proceso de transferencia e emprendemento.

Que é o ACELERADOR de TRANSFERENCIA ? (AT)

O impacto social e económico dos resultados de investigación vese a miúdo obstaculizado pola existencia dunha fenda entre o status dese coñecemento á finalización do proxecto de I+D e o estado de maduración necesario para a súa aplicación.

Isto motivou á USC a incorporar no seu proxecto de Campus de Excelencia Internacional, Campus Vida, unha acción que permita avanzar na demostración do potencial comercial dos resultados de investigación.

O propósito do Acelerador de Transferencia é levar a cabo as accións necesarias para cubrir a fenda entre os resultados de un proxecto de investigación e un coñecemento o suficientemente maduro para que resulte de interese a unha empresa ou outro axente externo, co obxectivo de aumentar as posibilidades de transferencia e polo tanto as oportunidades para que o coñecemento xerado na USC teña impacto social e económico real.

Papel da AVTE

O persoal técnico da AVTE estará involucrado en cada un dos proxectos durante todo o proceso. Inicialmente prestará apoio ao Grupo de Investigación para a elaboración da proposta e posterior presentación ao Comité de Avaliación.

No caso de que o proxecto sexa aprobado polo Comité de Avaliación, o labor do persoal técnico centrarase no seguimento da consecución dos fitos ou actividades acordados entre o IP e a AVTE, segundo o indicado polo Comité de Avaliación, para o desenvolvemento do proxecto. O persoal da AVTE velará en todo momento por manter a información confidencial relacionada cos proxectos.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA

do PROGRAMA ACELERADOR DE

TRANSFERENCIA 2026

A Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU) sinala no seu artigo 2 como funcións das universidades:

- c. A xeración, desenvolvemento, difusión, transferencia e intercambio do coñecemento e a aplicabilidade da investigación en tódolos campos científicos, tecnolóxicos, sociais, humanísticos, artísticos e culturais.
- d. A promoción da innovación a partir do coñecemento nos ámbitos sociais, económicos, medioambientais, tecnolóxicos e institucionais.
- g. A transferencia e intercambio de coñecemento e a cultura ao conxunto da sociedade a través da actividade universitaria e a formación permanente ao longo da vida do conxunto da cidadanía.

O impacto social e económico dos resultados de investigación vese a miúdo obstaculizado pola existencia dunha fenda entre o status dese coñecemento á finalización do proxecto de I+D e o estado de maduración desexable desde o punto de vista do potencial interesado na súa aplicación.

En consecuencia, as seguintes bases rexeran a presente convocatoria:

1. OBXECTO

O obxecto deste programa é identificar e cofinanciar proxectos cuxas actividades activen ou avancen na transferencia de coñecemento de resultados de investigación da USC en áreas de Ciencias, Enxeñería, Arquitectura e Ciencias da Saúde.

Entenderase por transferencia de coñecemento aquelas actividades que permitan integrar o coñecemento na cadea de valor de entidades públicas ou privadas que xeren un impacto social e/ou económico.

2. DESTINATARIOS/AS

Persoal investigador e Grupos de Investigación da USC que pertencen ás áreas de Ciencias, Enxeñería, Arquitectura e Ciencias da Saúde e que nas súas actividades de investigación teñan xerado resultados con potencial de transferencia a sociedade.

3. ÁMBITO DE APLICACIÓN MATERIAL

As axudas teñen por obxecto financiar aqueles servizos externos, persoal, material funxible ou viaxes e dietas asociados á execución do proxecto.

4. CRITERIOS DE ELIXIBILIDADE

Os requisitos que deben de cumprir os proxectos son os seguintes:

- Contar cunha traxectoria previa de investigación que, a través do financiamento público ou privado de proxectos de I+D+i, teña xerado a solución técnica que se pretende seguir desenvolvendo e cuxo grao de desenvolvemento estea nun TRL3 ou TRL4 (ver escala de TRLs no documento FAQs dispoñible na páxina web da AVTE).
- Identificar claramente unha oportunidade de aplicación social e/ou económica dese novo coñecemento, que aborde unha necesidade que estea aliñada cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, incluíndo a perspectiva de xénero.
- Describir de forma precisa as tarefas a realizar na execución do proxecto.
- Identificar e describir os elementos críticos que se consideren imprescindibles para activar o proceso de transferencia. Estes elementos deben ser abordables co importe máximo asignado a cada proxecto nesta convocatoria.
- Identificar un potencial destinatario ou colaborador no proceso de transferencia que estea disposto a asumir compromisos para que estes resultados poidan ter aplicación. Poderán ser tanto empresas como entidades públicas ou privadas, en calquera ámbito de actividade. Con este destinatario estableceríase un acordo de valorización ou de licenza ou se procedería a creación dunha spin off.
- Propoñer un orzamento acorde coas actividades e obxectivos propostos no proxecto presentado.
- O Acelerador de Transferencia tamén poderá dar apoio a aqueles proxectos que teñan como obxectivo avanzar no proceso de valorización de xeito que se obteña maior madurez na comprensión da súa potencialidade de transferencia. Así, poderanse apoiar, a criterio do Comité de Avaliación proxectos para levar a cabo informes de mercado, asesoramento regulatorio, follas de ruta para o seu desenvolvemento, etc. que poidan facilitar a captación de fondos doutras convocatorias de valorización. Deberase indicar a convocatoria ou convocatorias ás que se presentará posteriormente a proposta e como a información incluída nos informes realizados co Acelerador de Transferencia poden incrementar as posibilidades de conseguir financiación nesa/s outra/s convocatorias.

5. FINANCIAMENTO

O programa financiarase con cargo a partida orzamentaria 8303-2801-64500, Impulso a Transferencia de Coñecemento, xestionada a través da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento. O importe máximo destinado a este programa será de 75.000 €.

Cada un dos proxectos seleccionados polo Comité de Avaliación contará cunha financiación máxima de 35.000€. O Comité de Avaliación decidirá o importe que se concede a cada un dos proxectos, tendo en conta a calidade das propostas, a pertinencia dos gastos e o conxunto das candidaturas presentadas. Os proxectos serán financiados por orde de puntuación ata esgotar a financiación.

6. GASTOS ELIXIBLES

Considéranse gastos elixibles:

- Contratación de servizos externos
- Material funxible
- Viaxes e dietas
- Gastos de persoal

Todos estes gastos deben estar xustificados e claramente asociados á execución do proxecto.

Non se considerarán gastos elixibles os relativos a publicacións de carácter científico, a asistencia a reunións ou congresos científicos, gastos protocolarios e calquera tipo de gasto asociado á transmisión ou divulgación de coñecemento.

7. DURACIÓN DA EXECUCIÓN DOS PROXECTOS

Os proxectos deberán executarse nun prazo comprendido entre os 3 e os 8 meses.

8. PUBLICIDADE

A convocatoria publicarase no Taboleiro Electrónico da USC e, así mesmo, estará dispoñible na páxina web da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC.

9. PRAZO E REQUISITOS PARA PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación dos proxectos será de 30 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación da Convocatoria no Taboleiro Electrónico.

Os proxectos deberán contar co acompañamento e asesoramento de persoal técnico da AVTE para contribuír a unha adecuada orientación das candidaturas. O período de consultas á AVTE será de 23 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación no Taboleiro Electrónico

A presentación da proposta realizarase a través do Rexistro Electrónico da Sede Electrónica da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/rexistroEntrada/acceso.htm> empregando o documento índice proposto pola Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento. As solicitudes irán dirixidas a Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento, indicando que se trata dunha proposta para o “Programa Acelerador de Transferencia”.

Deberanse achegar:

- Documento coa DESCRICIÓN DO PROXECTO (ANEXO I)
- Carta de compromiso da entidade potencial destinataria ou colaboradora no proceso de transferencia coa que, no caso que os resultados do proxecto sexan positivos, establecerase un acordo de valorización ou de licenza ou se procedería a creación dunha spin off.

Unha vez pechado o prazo de presentación, publicarase no Taboleiro electrónico da USC un listado cos proxectos ordenados segundo cumplan ou non os criterios de elixibilidade. Os proxectos que non cumplan con algún dos criterios de elixibilidade terán un prazo de 5 días hábiles para presentar a documentación necesaria para a subsanación. No caso de que no se presente dita documentación, entenderase que o solicitante desiste de participar nesta convocatoria.

Non se considera subsanable a non presentación do ANEXO I cos apartado completados no prazo establecido.

10. SELECCIÓN DE PROXECTOS E ADXUDICACIÓN ECONÓMICA

O proceso de selección comprenderá dúas fases:

PRIMEIRA FASE

Todos os proxectos que cumpran os criterios de elixibilidade pasarán por un proceso de preselección que levará a cabo un Comité de Avaliación, segundo os criterios que establecen as presentes bases

O Comité de Avaliación estará formado por persoal externo á USC, experto en innovación e desenvolvemento de negocio e cunha traxectoria recoñecida nas áreas ou sectores relacionados cos ámbitos da convocatoria, tanto por entidades públicas coma privadas. A dirección da AVTE formará parte do Comité de Avaliación, con voz pero sen voto.

O listado de proxectos que pasan a primeira fase será publicado no Taboleiro Electrónico da USC.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PRIMEIRA E SEGUNDA FASE

- Grao de desenvolvemento do resultado de investigación a transferir.
Protección dos resultados (Máximo 10 puntos)
- Descrición do proxecto e tarefas a realizar.
Claridade na descrición do proxecto e identificación de tarefas. (Máximo 10 puntos)
- Grao de innovación e vantaxes que aporta a solución proposta. Innovación respecto aos produtos ou servizos dispoñibles actualmente. (Máximo 15 puntos)
- Impacto social e/ou económico previsto. Tamaño de mercado potencial. Competidores e oportunidades. Número de aplicacións potenciais. Cuantificación de beneficios esperados mediante indicadores. (Máximo 20 puntos)
- Tempo estimado entre a finalización do proxecto e a implementación da solución.
Tempo ata que se poida medir o impacto do proxecto a través de fitos como sinatura de acordos ou captación de novo financiamento. (Máximo 10 puntos)
- Grao de compromiso das entidades colaboradoras. Avaliado a través da carta asinada e o compromiso de recursos e participación na implantación. (Máximo 15 puntos)
- Adecuación do orzamento solicitado ás características do proxecto.
Detalle e xustificación da necesidade dos gastos. (Máximo 10 puntos)
- Composición do equipo.
Tarefas que realizará cada membro do equipo no proxecto e importancia destas tarefas para acadar os resultados previstos no proxecto. (Máximo 10 puntos)

SEGUNDA FASE

Defensa oral ante o Comité de Avaliación dos proxectos que acaden unha maior puntuación na primeira fase, ata un máximo de 6, sempre e cando a puntuación obtida supere os 50 puntos. O Comité de Avaliación poderá propoñer importes de financiamento distintos aos solicitados, así como na distribución de gastos, cun máximo de 35.000€.

11. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Comité de Avaliación propondrá o financiamento de aqueles proxectos que obteñan as máximas puntuacións, indicando tamén o importe asignado. Se o Comité de Avaliación o considera oportuno, poderá indicar os gastos concretos que se financian nos proxectos.

En base a proposta do Comité de Avaliación ditarase Resolución Reitoral onde constará a puntuación das propostas, os proxectos seleccionados para recibir financiamento e o orzamento asignado a cada un deles.

A resolución publicaráse no Taboleiro Electrónico da USC.

A AVTE comunicará as persoas responsables dos proxectos seleccionados a proposta e condicións de financiamento.

As persoas responsables dos proxectos seleccionados deberán aceptar a axuda e asinar un compromiso de execución conforme ao financiamento e fitos establecidos.

Contra a Resolución de adxudicación os interesados poderán presentar recurso de reposición no prazo de un mes a contar dende a data de publicación da mesma no Taboleiro Electrónico da USC.

12. SEGUIMIENTO DO PROXECTO

Durante todo o curso dos proxectos seleccionados un técnico da AVTE realizará un seguimento tanto técnico como económico, especialmente no que se refire ao cumprimento dos fitos que foran acordados. Ao final de cada fito o IP presentará unha memoria técnica co traballo realizado e unha memoria económica.

Se nalgún momento se fixese evidente a imposibilidade de cumprir algún dos fitos marcados e o proxecto non puidese ser reconducido para alcanzar o obxectivo final previsto, a AVTE poderá dalo por terminado recuperándose o crédito non consumido para financiar outras actividades do Acelerador de Transferencia.

13. CONFIDENCIALIDADE

Todas as persoas que participen no procedemento comprométese a gardar confidencialidade sobre os datos aportados polas candidaturas presentadas. En calquera caso, poderanse difundir características xerais e no seu momento, o nome dos proxectos gañadores, o seu logo, a súa actividade, principais logros e o nome das persoas integradas do equipo promotor.

14. DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo de un mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito ata que non se dite a resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

axenda PREVISTA

Presentación de propostas:
do 10 de febreiro ao 11 de marzo

Revisión de cumprimento de criterios de elixibilidade e subsanación:
do 12 de marzo ao 25 de marzo

Selección de propostas que pasan á segunda fase:
13 de abril

Presentación ante o Comité de Avaliación:
Segunda quincena de abril

Inicio de proxectos seleccionados:
02 de maio

ANEXO I

Descrición do Proxecto

Título do proxecto		Acrónimo
Investigador/a Coordinador/a		Código do GI
Departamento/s ou Instituto/s		
Técnico/a de Transferencia asignado/a		
Orzamento total solicitado (sen IVE)		

- 1 Descrición do resultado de investigación do que se parte (máximo 200 palabras)
- 2 Relación de contratos, proxectos e/ou outras actividades que deron lugar aos resultados do que parte o proxecto e grao de maduración do mesmo (TRL) (máximo 100 palabras)
- 3 Tipo de protección do resultado de investigación de partida (máximo 60 palabras)
- 4 Grao de innovación. A nova tecnoloxía vai supor unha mellora incremental ou un cambio radical con respecto ás solucións que existen actualmente? Por que? (máximo 400 palabras)
- 5 Descrición do potencial comercial da tecnoloxía: Tamaño do mercado potencial, competidores, oportunidades, aplicacións potenciais... (máximo 500 palabras)
- 6 Descrición do proxecto a realizar no marco do Acelerador de Transferencia e por que é importante para activar o proceso de transferencia (máximo 500 palabras)
- 7 Plan de traballo (táboa con cronograma)
- 8 Equipo que participará no proxecto do Acelerador de Transferencia e tarefas a realizar por cada un dos membros (máximo 250 palabras)
- 9 Orzamento

Concepto	Importe (€)	Detalles e xustificación da necesidade do gasto
Contratación de personal		
Material fungible		
Contratación de servicios externos		
Viaxes e dietas		
TOTAL		

- 10 Destinatario final do acordo de transferencia ou un socio colaborador no desenvolvemento que se comprometa durante o proxecto ou ao final do mesmo se os resultados son positivos. Competencias e grao de compromiso (máximo 350 palabras)
- 11 Describa o plan de transferencia e o tempo esperado para acadar retornos (máximo 300 palabras)
- 12 Aliñamento do proxecto solicitado cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) (máximo 100 palabras)
- 13 Achegarase unha carta de compromiso da entidades a transferir o resultado de investigación.

CAMPUS SANTIAGO

Vivendas dos funcionarios- Campus Vida
Avda. das Ciencias nº 6 4º D
15782 Santiago de Compostela
881 815 594

CAMPUS LUGO

Edificio CACTUS Lugo
27002 Lugo
982 822 854

avte@usc.es

<https://www.usc.gal/es/AVTE>



Área de Valorización,
Transferencia e Empreremento

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: LUIS ALBERTO OTERO GONZALEZ,
DELEGADO DO REITOR PARA A TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA, 09/02/2026 11:03:02.

CSV: BB1D-6FC5-413A-809D